



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

BASES REGULADORAS I CAMPIONATO GALEGO ANDADURA DE TRADICIÓN (QUIN ANDADURA) CON MOTIVO DA XXI FESTA DO LACÓN CON GRELOS . O MESÓN DO VENTO, 24 DE FEBREIRO DE 2019

I.- OBXECTO DO CONCURSO

É obxecto destas bases regular a convocatoria pública polo Concello de Ordes do I Campionato Galego Andadura de Tradición (Quin Andadura) con motivo da XXI Festa do Lacón con Grelos o 24 de febreiro de 2019.

II.- FINANCIAMENTO

O crédito para financiar os premios deste concurso atópase contido no orzamento vixente para este exercicio 2019. Actividades culturais, partida orzamentaria 338.480.00, por importe total de 1760€

III.- PARTICIPANTES. CATEGORÍAS.

PROBAS
QUIN ANDADURA CHAPEADA LIBRE
QUIN ANDADURA SERRADA LIBRE
CONCURSO MORFOLÓXICO PURA RAZA GALEGA (EGUA E CABALOS). COPA GALICIA
QUIN TROTE LIBRE
XINCANA (APTA PARA TODOS OS XINETES)
CARREIRA DE BURROS

IV.- PREMIOS:

PROBAS	IMPORTE PREMIOS				
	1º	2º	3º	4º	5º
QUIN ANDADURA CHAPEADA LIBRE	100€	70€	50€	40€	30€
QUIN ANDADURA SERRADA LIBRE	100€	70€	50€	40€	30€
QUIN TROTE LIBRE	100€	70€	50€	40€	30€
XINCANA (APTA PARA TODOS OS XINETES)	100€	70€	50€	40€	30€
CONCURSO MORFOLÓXICO PURA RAZA GALEGA. COPA GALICIA:	IMPORTE PREMIOS				
	1º	2º	3º		
- EGUAS PURA RAZA GALEGA	100€	70€	50€		
- CABALOS PURA RAZA GALEGA	100€	70€	50€		
CARREIRA DE BURROS	1º PREMIO	2º PREMIO	3º PREMIO		
	80€	50€	30€		



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

V.- INSCRICIÓN

Para poder participar nas probas é imprescindible cumprir os seguintes requisitos:

- **TEÑEN QUE INSCRIBIRSE POLA MAÑÁ ANTES DAS 11:00 HORAS OBRIGATORIAMENTE.**
- **É OBRIGATORIO PRESENTAR O LIBRO DE IDENTIFICACIÓN DOS ÉQUIDOS ANTE O/A VETERINARIO/A RESPONSABLE QUE POSÚE A ORGANIZACIÓN PARA PODER PARTICIPAR.**
- **USO OBRIGATORIO DE CASCO.**
- **CADA UN/UNHA FARASE RESPONSABLE DOS DANOS OCASIONADOS POLO SEU CABALO.**

VI.- XURADO

Vai estar integrado por catro xuíces. As decisións dos xuíces serán irrevogables e as persoas participantes deberán axustarse ás normas da competición.

O persoal da organización e o xurado do concurso cabalar quedan facultados para:

- Calquera protesta ou insulto cara aos xuíces ou á organización suporá a descualificación desa persoa e todos os seus équidos no día dos feitos.
- Calquera indicio de maltrato animal suporá a descualificación das probas.
- A organización poderá cambiar de proba a calquera participante se consideran que non está inscrito/a na categoría axeitada.

VII.- RESOLUCIÓN DO CONCURSO

A resolución do concurso realizarase o día 24 de febreiro de 2019 e vai depender dos tempos que cada unha das persoas participantes realizou en cada proba.

VIII.- ENTREGA DE PREMIOS

Finalizado o concurso entregarase un diploma a cada un/ha dos/das gañadores/as, ingresándose o premio na conta bancaria sinalada polo/a gañador/a.

DISPOSICIÓN FINAL

En caso de dúbida ante algún aspecto, presente nas bases ou por cuestións de loxística, a organización tomará a decisión que considere oportuna.

A participación no concurso supón o coñecemento do contido das presentes bases e a súa aceptación expresa, sen ningunha reserva.

Ordes, 15 de febreiro de 2019

O Alcalde-Presidente

CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)
ALCALDÍA

José Luis Martínez Sanjurjo